



XUNTA
DE GALICIA

2022 2 - 5
X U Ñ O



SALIMAT
ABANCA

BOLETÍN DE PARTICIPACIÓN / RESERVA DE ESPAZO

ENVIAR A: ✉ Feira Internacional de Galicia Abanca – Avenida Recinto Ferial s/n 36540 Silleda (Pontevedra-España) ✉ salimat@feiragalicia.com ☎ (+34) 986580865

Estando interesados en participar na 25ª edición do Salón de Alimentación do Atlántico “Salimat Abanca”, que se celebrará do 2 ao 5 de xuño de 2022 no recinto Feira Internacional de Galicia Abanca, solicitamos a contratación da superficie que se indica a continuación neste Boletín de Participación, comprometéndonos a aceptar a Normativa Específica do Certame, recollida no presente documento, a normativa xeral da Organización dispoñible en www.feiragalicia.com/normativa, e calquera outra disposición da Dirección do Certame.

DATOS EMPRESA OU ENTIDADE EXPOSITORA

NOME OU RAZÓN SOCIAL			C.I.F.	
NOME COMERCIAL			PÁXINA WEB	
ENDEREZO			C.P.	
CIDADE	PROVINCIA		PAÍS	
TELÉFONO	FAX		EMAIL	
FACEBOOK	TWITTER		INSTAGRAM	
PERSOA DE CONTACTO			CARGO	
E-MAIL			TELÉFONO	

Marque cun “X” se os datos de facturación son diferentes. Solicitaránselle posteriormente.

PRODUTO/S QUE EXPÓN

ACTIVIDAD/ES

- ☐ Fabricante, produtor
- ☐ Importador
- ☐ Maiorista, distribuidor
- ☐ Servizos relacionados
- ☐ Institucións
- ☐ Prensa e editoriais


OFERTA ESPECIAL “Empresas do sector de produtos de mar” (non inclúe IVE +10%)

✓ OFERTA ESPECIAL 6 m²: 150 €

INCLÚE: espazo + stand, cota de inscrición, consumo e mobiliario: 1 mostrador, 1 mesa redonda, 2 cadeiras e 1 balda



As fotografías do deseño do stand



e do mobiliario son unicamente orientativas.

SERVIZOS FEIRAIS

Unha vez recibido este Boletín de Participación, a Organización poñeráse en contacto con vostede para achegarlle o Formulario de Contratación de Servizos. Pode comprobar igualmente os servizos feirais dispoñibles así como as súas tarifas vigentes e normativa aplicable en www.feiragalicia.com/tarifas

FORMA DE PAGO E CONTRATACIÓN

▶ **1º PAGO:** Para que a reserva de espazo sexa admitida, débese enviar este Boletín de Participación, debidamente cumprimentado e asinado, xunto cun depósito do 25% do importe correspondente aos metros solicitados (IVE incluído), establecéndose un mínimo de 150 € ou o importe total se este fose menor a esa cantidade. O pago realizarase mediante efectivo, cheque nominativo ou transferencia bancaria a favor de FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA, seguido da RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA a:

ABANCA ES45 2080 5062 96 3110005814 I BIC (SWIFT CODE): CAGLESMXX

▶ **2º PAGO:** Salvo indicación ao contrario, o expositor deberá **abonar a cantidade restante** do importe total correspondente ao espazo e aos servizos contratados (IVE incluído), deducidas as cantidades entregadas a conta, **antes do 18 de maio de 2022**, quince días antes do inicio do certame.

▶ **IMPORTANTE:** Os servizos de última hora abonaranse no momento da contratación. Non se ofrecerá ningunha localización ata satisfacer o primeiro pago. Nas ofertas chave en man o 25% do primeiro pago calcularase sobre o importe total da devandita oferta.

OUTRAS CONDICIÓNES DE PARTICIPACIÓN

1. ADMISIÓN E ACEPTACIÓN DA NORMATIVA

1.1. Tódolos Expositores, polo mero feito da súa inscrición, aceptan a Normativa Xeral da Fundación, dispoñible en www.feiragalicia.com/normativa, así como a Normativa Específica de cada certame feiral e calquera outra disposición da Dirección do Certame.

1.2. A admisión de solicitudes e a asignación de espazos son competencia exclusiva da Dirección da Feira Internacional de Galicia Abanca.

1.3. A Organización pode rexeitar unha solicitude se os produtos non se axustan á temática do certame ou non estivesen relacionados no nomenclátor.

2. LUGAR, DATAS E HORARIO DE CELEBRACIÓN

2.1. A 25ª edición do Salón de Alimentación do Atlántico "Salimat Abanca", celebrarase no recinto Feira Internacional de Galicia Abanca dende o 2 ata o 5 de xuño de 2022, en horario de 10:00 a 20:00 horas o xoves e venres, e de 10:00 a 21:00 horas o sábado e domingo.

2.2. Os expositores poderán acceder aos seus stands a partir das 09:00 horas e permanecer ata as 21:30 horas, recomendando a organización do certame permanecer ata que se desaloxe o recinto.

2.3. Será obrigación do expositor a ocupación e permanencia no stand, así como a exposición de produtos relacionados coa temática do certame, durante a duración do mesmo.

3. CONTRATACIÓN DE ESPAZO/SERVIZOS E FORMA DE PAGO

3.1. A contratación do espazo e dos servizos realizarase axustándose ás indicacións, formas de pago e prazos que figuran neste Boletín de Participación.

3.2. O prazo de peche para a contratación do espazo é o 3 de maio de 2022, trinta días antes do inicio do certame.

3.3. O prazo de peche para a contratación de tódolos servizos é o 12 de maio de 2022, quince días antes do inicio da montaxe do certame. Os servizos solicitados fóra dese prazo terán un 20% de recarga, reservándose a Fundación a admisión da solicitude. A anulación dun servizo posterior ao 23 de maio de 2022, dentro dos 10 días anteriores ao comezo do certame, obrigará ao pago do 40% da tarifa.

3.4. Tódalas facturas emitidas pola Fundación ao Expositor estarán incrementadas pola porcentaxe vixente correspondente ao IVE ou calquera outro imposto que en cada momento fose aplicable.

4. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN DE ESPAZOS

4.1. As empresas poderán acceder ao proceso de adxudicación de espazos unha vez entregado o presente Boletín de Participación xunto co xustificante do pago esixido.

4.2. As empresas que participasen nas anteriores edicións do Salón de Alimentación do Atlántico "Salimat Abanca" en 2019 e 2021 terán preferencia na elección de espazo ata o 2 de febreiro de 2022, entregando debidamente cumprimentado e asinado o presente Boletín de Participación xunto co xustificante do pago esixido. A partir desa data, a Organización do Certame poderá dispoñer do espazo para outras empresas e entidades interesadas en participar.

5. HORARIOS DE MONTAXE, DESMONTAXE E RETIRADA DE MERCADORÍA

- Montaxe de stand de deseño:
27/05/2022 - 1/06/2022 de 09:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 19:00 horas.

- Entrada de mercadoría e decoración de stands:
1/06/2022 de 09:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 19:00 horas.

- Embalaxe e saída de mercadoría:
6-7/06/2022 de 09:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 19:00 horas.

- Embalaxe e saída de mercadoría nos Pavillóns 3 e 4: desde o día 5/06/2022 a partir das 21:30 horas ata as 10:00 horas do 6/06/2022

- Dende as 18:00 horas do 1/06/2022, non se permitirá a entrada de vehículos aos pavillóns.

- O expositor dispón de información máis detallada respecto ás normas de montaxe e instalación de espazos, entrada/saída de mercadoría, etc. na Normativa Xeral.

6. NORMAS DE MONTAXE DE ESPAZOS OU STANDS DE DISEÑO LIBRE

6.1. As empresas que opten pola construción de deseño libre dos seus stands, deberán enviar o PROXECTO á Dirección de Servizos Técnicos da Fundación antes do 3 de maio de 2022, trinta días antes do inicio do certame.

6.2. A empresa encargada dos traballos de montaxe dun espazo ou stand deberá abonar á Fundación, antes de comezar os devanditos traballos, os dereitos de montaxe (2,60 €/ m²) que aparecen na folia de tarifas vixente, en concepto de inspección eléctrica, consumos, usos, etcétera.

6.3. O expositor dispón de información máis detallada relativa ás normas de montaxe e instalación de espazos, realización de instalacións eléctricas, etc. na Normativa Xeral da Fundación.

7. ACREDITACIÓN E PASES DE PARKING

7.1. Os expositores recibirán acreditacións e pases de aparcadoiro de forma gratuíta, e nun número proporcional ao número de m² contratados.

8. SEGURO, VIXIANCIA DO RECINTO E EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADES

8.1. É obrigatorio por parte do expositor o dispoñer dunha póliza de responsabilidade civil que cubra a asistencia a feiras por un posible dano a un terceiro.

8.2. En ningún caso poderá o expositor pedir responsabilidade á Institución (organizador) nin aos seus empregados polos danos que ocasionen a terceiros, así como pola perda ou danos no material e obxectos que se atopen no stand.

8.3. O expositor dispón de información máis detallada na Normativa Xeral da Fundación.

9. CATÁLOGO OFICIAL DO CERTAME

9.1. Unha vez recibido este Boletín de Participación, a Organización fará chegar a cada expositor o formulario de inserción no Catálogo Oficial do Certame.

9.2. A non recepción deste formulario, perfectamente cumprimentado polo expositor, segundo as indicacións establecidas no mesmo, facultará á Organización para facer uso dos datos recolleitos neste Boletín de Participación e incorporalos ao Catálogo Oficial do Certame.

VALIDEZ DO CONTRATO

Este documento reflicte o solicitado polo expositor. A Organización resérvase o dereito de admisión e o dereito de modificación da superficie solicitada segundo dispoñibilidade. O espazo entenderase contratado en firme, cando o expositor reciba copia deste mesmo impreso cos datos cumprimentados e sinatura e selo da organización, sempre que cumpra coa normativa de participación.

En _____, a ____ de _____ 202__
Sinatura e selo da empresa

A CUMPRIMENTAR POLA ORGANIZACIÓN

SECTOR	PAVILLÓN - ÁREA	STAND - PARCELA	LARGO (m)	ANCHO (m)	SUPERFICIE TOTAL (m ²)

SELO DA ORGANIZACIÓN

En _____, a ____ de _____ 202__
Aprobada a presente solicitude

Dacordo co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos informámoslle que os datos facilitados ao longo da prestación do servizo incorporaranse á Actividade de Tratamento titularidade de FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA con CIF número G 36.155.208 e domicilio social en Recinto Feiral s/n, 36.540, Silleda (Pontevedra). A finalidade do devandito tratamento é a xestión de contactos con clientes, xestión de eventos, e organización de certames; realización de orzamentos e factura de servizos/ produtos; cumprimento de obrigacións contables e fiscais, xestións comerciais e envíos de información sobre eventos/actividades. Calquera cesión dos seus datos persoais a terceiros que esixa do seu previo consentimento, seralle debidamente comunicada.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, mediante escrito, acompañado de copia de documento oficial que o identifique dirixido ao enderezo arriba indicado. Así mesmo, e de igual maneira, pode revogar o consentimento prestado á recepción de comunicacións comerciais de conformidade co disposto na Lei 34/2002.

Declaro que entendo e acepto a Política de Privacidade do sitio web www.feiragalicia.com

En último lugar, a empresa infórmao/a que coa sinatura do presente documento, outorga o consentimento para o tratamento dos seus datos coa finalidade anteriormente mencionada.